



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



PEL AUTÓNOMOS- ANO 2023.

OBXECTO E FINALIDADE.

O seu obxecto é regular as axudas para sufragar parte das cotas da seguridade social do ano 2023 de persoas autónomas nos meses que non reciben outras axudas concedidas por entidades ou organismos públicos ou privados, segundo a definición da base 8ª destas bases reguladoras, para sufragar as cotas correspondentes ao réxime especial ou sistema especial por conta propia da Seguridade Social ou como mutualista de colexio profesional.

A finalidade de estas axudas é o fomento do emprendemento e o traballo por conta propia nos municipios da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes poñendo en marcha mecanismos necesarios para a supervivencia e fortalecemento do tecido empresarial autónomo.

DESTINATARIOS E REQUISITOS.

Ter o domicilio fiscal nun Concello da provincia da Coruña de poboación menor a 20.000 habitantes conforme os datos máis recentes dispoñibles no Instituto Galego de Estadística.

- Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) cunha antigüidade ininterrompida máxima de 5 anos anteriores a data de publicación da convocatoria destas axudas. Considérase que non existe interrupción cando entre o cese e o nova alta transcorran menos de 3 meses.
- Estar dado de alta en algunha actividade empresarial e constar recollida no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria como titular.
- Ter unha antigüidade máxima de 5 anos de exercicio ininterrompido na actividade empresarial que desenrola segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade. A estes efectos, considérase que existe continuidade na mesma actividade económica cando entre o cese e novo alta transcorran menos de 3 meses.
- Non recibir na anualidade 2023 ningunha axuda ou concepto similar conforme a definición contida na base 8.- Compatibilidade/incompatibilidade, por parte de ningunha entidade ou organismo público para sufragar as cotas correspondentes ao réxime especial ou sistema especial por conta propia da Seguridade Social ou como mutualista de colexio profesional.

No caso de que se perciban axudas durante unha parte do ano, poderá solicitarse por aquelas mensualidades onde non se perciban tales axudas sempre que o número de ditas mensualidades sexa igual ou superior a seis.

GASTOS SUBVENCIONABLES.

As cotas mensuais de autónomos e/ou mutualistas correspondentes ao ano 2023 que non reciban ningún tipo de axuda ou calquera outro concepto similar definido

PERIODO SUBVENCIONABLE E CONTÍA.

A axuda consistirá nunha contía fixa de 200 € por cada mes nos que se cumpran os requisitos ata un máximo de 12 meses e un mínimo de 6 meses correspondentes ao período subvencionado 2023. Se subvencionarán exclusivamente as cotas mensuais correspondentes a anualidade 2023.

CONTÍA.

Contía máxima a solicitar (no caso de solicitar as 12 cotas)	2.400 €
Contía mínima a solicitar (no caso de solicitar 6 cotas)	1.200 €
Contía variable (en caso de solicitar máis de 6 e menos de 12)	200 * número de meses non subvencionados/bonificados (máis de 6)

PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES: ATA O 10 DE MARZO DE 2023 ÁS 14.00 HORAS.

PARA MÁIS INFORMACIÓN PODEN CONTACTAR COA AEDL NO TELÉFONO [981778169](tel:981778169). (Lourdes).